

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

- 18096** Orde APA/1427/2018, do 27 de decembro, pola que se modifica o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de sorgo, aprobado pola Orde ARM/3374/2010, do 27 de decembro, e o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras, aprobado pola Orde ARM/3370/2010, do 27 de decembro.

O Regulamento técnico de control e certificación de sementes de sorgo, aprobado pola Orde ARM/3374/2010, do 27 de decembro, establece os requisitos que deben cumprirse no proceso de produción das sementes de sorgo, de acordo co establecido na Directiva 66/402/CEE do Consello, do 14 de xuño de 1966, relativa á comercialización das sementes de cereais.

O Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras, aprobado pola Orde ARM/3370/2010, do 27 de decembro, establece os requisitos que deben cumprirse no proceso de produción das sementes de plantas forraxeiras, de acordo co establecido na Directiva 66/401/CEE do Consello, do 14 de xuño de 1966, relativa á comercialización das sementes de plantas forraxeiras.

A Directiva 66/402/CEE do Consello foi modificada pola Directiva de execución (UE) 2018/1027 da Comisión, do 19 de xullo de 2018, que modifica a Directiva 66/402/CEE do Consello polo que respecta ás distancias de illamento para *Sorghum spp.* Nesta directiva modifícase o anexo I da Directiva 66/402/CEE do Consello, relativa á comercialización de sementes de cereais, no que respecta ás distancias de separación de fontes adxacentes de pole que poidan provocar unha polinización estraña non desexable no caso do *Sorghum spp.*, en particular para ter en conta as zonas en que a presenza de *S. halepense* ou *S. sudanense* supón un problema concreto de polinización cruzada.

Así mesmo, a citada Directiva 66/401/CEE do Consello foi modificada pola Directiva de execución (UE) 2018/1028 da Comisión, do 19 de xullo de 2018. Nesta directiva corríxese a Directiva de execución (UE) 2016/2109 pola que se modifica a Directiva 66/401/CEE do Consello no que respecta á inclusión de novas especies e ao nome botánico da especie *Lolium x boucheanum* Kunth. Debido a un erro material cometido na Directiva de execución (UE) 2016/2109 da Comisión, pola que se modificou a Directiva 66/401/CEE, elimínase erroneamente do anexo III desta última a chamada da nota 1 da entrada *Poaceae (Gramineae)*. Como consecuencia disto, os Estados membros xa non poden autorizar o aumento do peso máximo de cada lote a 25 toneladas cando o provedor fose autorizado para tal efecto pola autoridade competente.

A presente norma incorpora ao ordenamento xurídico interno a Directiva de execución (UE) 2018/1027, da Comisión, do 19 de xullo de 2018, a través da correspondente modificación do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de sorgo, e a Directiva de execución (UE) 2018/1028 da Comisión, do 19 de xullo de 2018, a través da correspondente modificación do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras.

A tramitación desta orde axústase aos principios recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, de acordo cos principios de necesidade e eficacia, xustifícase esta norma na necesidade de actualizar a normativa de acordo coa normativa da Unión Europea. Cúmrese o principio de proporcionalidade e a regulación límitase ao mínimo imprescindible para aplicar a normativa da Unión Europea. En aplicación do principio de eficiencia, este proxecto non impón cargas administrativas innecesarias ou accesorias. En aplicación do principio de transparencia, durante a tramitación desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas, así como as entidades representativas dos

sectores afectados. E, en función do principio de seguridade xurídica, é coherente co resto da normativa sobre esta materia.

Na elaboración da presente disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de sorgo, aprobado pola Orde ARM/3374/2010, do 27 de decembro.*

Modifícase o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de sorgo, aprobado pola Orde ARM/3374/2010, do 27 de decembro, nos seguintes termos:

O punto 2 da letra A) «Condicións que debe cumprir o cultivo» do número IV. «Producción de semente», do anexo, substitúese polo seguinte punto:

«2. O cultivo axustarase ás normas seguintes no referente ás distancias de separación de fontes adxacentes de pole que poidan provocar unha polinización estraña non desexable:

Para a produción de sementes de base (\*) 400 m.

Para a produción de sementes certificadas (\*) 200 m.

(\*) Nas zonas en que a presenza de *S. halepense* ou *S. sudanense* supoña un problema concreto de polinización cruzada, será de aplicación o seguinte:

a) os cultivos para a produción de sementes de base de *Sorghum bicolor* ou os seus híbridos deberán estar illados a unha distancia non inferior a 800 m de calquera fonte deste pole contaminante;

b) os cultivos para a produción de sementes certificadas de *Sorghum bicolor* ou os seus híbridos deberán estar illados a unha distancia non inferior a 400 m de calquera fonte deste pole contaminante.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras, aprobado pola Orde ARM/3370/2010, do 27 de decembro.*

Modifícase o Regulamento técnico de control e certificación de plantas forraxeiras, aprobado pola Orde ARM/3370/2010, do 27 de decembro, nos seguintes termos:

No anexo II «Peso dos lotes e das mostras», na primeira liña do cadro, a entrada *Poaceae (Gramineae)* substitúese pola entrada seguinte (acompañada da nota ao rodapé correspondente):

«*Poaceae (Gramineae)* (\*)

(\*) O peso máximo de cada lote poderá aumentarse a 25 toneladas se o provedor foi autorizado para tal efecto pola autoridade competente da comunidade autónoma responsable da certificación destas sementes.»

**Disposición derradeira primeira.** *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpóranse ao dereito español a Directiva de execución (UE) 2018/1027 da Comisión, do 19 de xullo de 2018, que modifica a Directiva 66/402/CEE do Consello polo que respecta ás distancias de illamento para *Sorghum spp.*, e a Directiva de execución (UE) 2018/1028 da Comisión, do 19 de xullo 2018, que corrixe a Directiva de execución (UE) 2016/2109 pola que se modifica a Directiva 66/401/CEE do Consello no que respecta á inclusión de novas especies e ao nome botánico da especie *Lolium x boucheanum* Kunth.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2019.

Madrid, 27 de decembro de 2018.–O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas Puchades.